


TRIBUNAL DE GARANTÍAS



Informe

2015

Universida de Vigo



■ ÍNDICE

03 Presentación

04 Marco normativo

10 Marco conceptual e funcional

12 Expedientes tramitados

19 Outras actuacións

21 Relacións institucionais e actividade exterior

23 Execución do orzamento

24 Reflexións

26 Anexo

PRESENTACIÓN



Argimiro Rojo Salgado
Defensor universitario
 Presidente do Tribunal de Garantías

Este documento elaborouse para cumprir o disposto nos Estatutos da nosa Universidade, nos que se establece que o defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías (en diante, TG).

Tras varios anos de continuidade, optouse por renovar completamente o formato e deseño do documento. O obxectivo non só era facelo máis visual e atractivo; tratábase tamén de dotalo dunha maior funcionalidade, que facilitase o seu manexo e a consulta da información que se expón, produto do dobre compromiso de transparencia e rendición de contas que asume o TG.

No que respecta aos contidos, o Informe estrutúrase en dous grandes bloques. O primeiro (constituído polos apartados 1 e 2) ten carácter introdutorio xa que refire o marco normativo, conceptual e funcional no que se desenvolve o TG.

O segundo bloque expón polo miúdo a xestión do Tribunal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015:

- O apartado 3 é o máis extenso porque dá conta da súa principal tarefa: incoar e tramitar expedientes tralas reclamacións e queixas que lle fan chegar os integrantes da comunidade universitaria.
- No apartado 4 relaciónanse outras actuacións, menos importantes en termos cuantitativos que non cualitativos (consultas, mediacións, entrevistas, recomendacións...).
- No apartado 5 infórmase sobre un importante ámbito de actuación que o TG está a potenciar e coidar especialmente nos últimos anos: as relacións institucionais e a actividade exterior.
- No apartado 6 detállase o orzamento do Tribunal e súa execución no ano 2015.
- No apartado 7 reflexiónase sobre algúns aspectos relacionados cos feitos e datos presentados no Informe.
- Finalmente, no anexo recóllese a composición do Tribunal e móstranse os cambios que se produciron nos seus integrantes ao longo do ano 2015.

Agardo que toda esta información resulte de interese para a comunidade universitaria e contribúa a que se coñeza mellor o labor do órgano que presido. ■

1. MARCO NORMATIVO

A normativa que regula a actuación do Tribunal de Garantías está constituída pola Lei orgánica de universidades (LOU), a Lei do sistema universitario de Galicia (LSUG), os Estatutos da Universidade de Vigo e o seu propio Regulamento de réxime interno.

• Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU)

O fundamento normativo do Tribunal de Garantías está na disposición adicional 14ª da LOU. Nela establécese o Defensor Universitario como figura obrigatoria na estrutura organizativa das universidades e trázase o seu perfil. A súa definitiva configuración queda supeditada ao que estableza cada universidade nos seus estatutos.

No articulado da LOU hai outra referencia ó Defensor Universitario. É mínima, pero significativa, xa que se produce ao enumerar os dereitos do alumnado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 14ª

Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as Universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do **Defensor Universitario**. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e autonomía.

Corresponderá aos Estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

ARTIGO 46.2.H

Nos termos establecidos polo ordenamento xurídico, os estudantes terán dereito [...] A garantía dos seus dereitos, mediante procedementos axeitados e, no seu caso, a actuación do **Defensor Universitario**.

A esencia do Tribunal de Garantías é a figura do Defensor Universitario regulada na LOU

• Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia

ARTIGO 90. O comisionado universitario ou a comisionada universitaria

1.-De conformidade co previsto na lexislación orgánica de universidades, cada unha das universidades integrantes do SUG establecerá, na súa estrutura organizativa, a figura do **comisionado universitario ou da comisionada universitaria**, que terá a misión de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos de goberno e servizos universitarios .

2. As actuacións do **comisionado universitario ou da comisionada universitaria**, sempre dirixidas á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e rexeranse polos principios de independencia e autonomía. Corresponderá aos estatutos de cada universidade pública e ás normas de organización e funcionamento, no caso de universidades privadas, establecer o procedemento para a súa elección ou designación, a duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento .

No sistema universitario galego tamén se normativiza a obrigatoriedade desta figura

Estatutos da Universidade de Vigo
(Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro)

Atendendo ás directrices da LOU e da LSUG, os Estatutos da UVigo desenvolven a figura encargada de defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria. Fano no apartado dedicado ás garantías xurídicas, non á estrutura gobernativa nin á institucional, o que resulta bastante significativo. Outro aspecto destacable é o carácter colexiado que lle outorgan ao órgano, o que constitúe unha singularidade no sistema universitario español, no que a defensa dos dereitos e liberdades da comunidade universitaria adoita encomendarse a un órgano unipersonal.

TÍTULO V: GARANTÍAS XURÍDICAS

ARTIGO 141

O TG é o comisionado do Claustro Universitario para a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, poderá supervisar a actividade de administración universitaria dándolle conta ao Claustro. Exercerá as funcións que se lle encomenden nestes Estatutos e nas disposicións de desenvolvemento.

ARTIGO 142

O TG está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que lle sexa presentada, na que estea a ser denunciado o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos da persoa do denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

ARTIGO 143

1. O TG, elixido no Claustro entre todos os membros da comunidade universitaria, componse de nove membros:

- a) A defensora ou defensor universitario, que o preside, elixido polo conxunto do claustro.
- b) Dous membros elixidos polos representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade.
- c) Dous membros elixidos polos representantes do resto do persoal docente e investigador.
- d) Dous membros elixidos polos representantes do alumnado.
- e) Dous membros elixidos polos representantes do persoal de administración e servizos.

2. Na súa composición procurarase o equilibrio entre homes e mulleres.

3. Todos os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente, no caso da defensora ou defensor universitario a maioría de 2/3 precisarase entre os claustrais asistentes á sesión.

4. As persoas que compoñen o Tribunal de Garantías non estarán suxeitas a mandato imperativo ningún.

5. Un regulamento aprobado polo Claustro fixará o funcionamento do Tribunal, os seus medios materiais e a duración do mandato, que non poderá exceder de catro anos. As decisións do TG serán adoptadas pola maioría dos votos dos asistentes ás reunións, e o voto de calidade do presidente resolverá os empates.

6. A defensora ou defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo TG.

ARTIGO 144

Os membros do TG cesarán por algunha das causas seguintes:

- a) Por pedimento propio.
- b) Por expiración do prazo do seu nomeamento.
- c) Por causa legal procedente.
- d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.
- e) Por revogación de todos os membros do TG, cando así o acorde o Claustro por maioría absoluta.

ARTIGO 145

O TG, no desenvolvemento das súas funcións, poderá:

- a) Exixir, de oficio ou por pedimento da parte interesada, toda a información que considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.
- b) Elevarlle informes ao Claustro e, se é o caso, propostas de repercusión dos danos estimados.
- c) Xestionar diante dos órganos competentes a corrección dos defectos observados no seu funcionamento.
- d) Requirir do órgano universitario competente a satisfacción do oportuno «interese lexítimo».
- e) Propoñerlle ao Claustro un voto de censura contra o titular dun órgano unipersoal que, a pesar dos requirimentos, non modifique a súa conduta contraria a dereito.

Os Estatutos da UVigo regulamentan a defensoría universitaria no apartado das garantías xurídicas



Atendendo ao indicado no artigo 143.5 dos Estatutos da UVigo, elaborouse un regulamento para desenvolver algúns aspectos do TG que compría regular: nomeamento e cesamento dos seus integrantes, convocatoria de reunións, adopción de acordos, modalidades de actuación, procedementos de xestión administrativa no exercicio das súas competencias...

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Art. 1 O TG é o comisionado da Universidade de Vigo para a defensa e protección dos dereitos e intereses lexítimos dos membros da comunidade universitaria, sendo a súa finalidade fundamental a contribución ao bo funcionamento da Universidade de Vigo. No exercicio das súas funcións, rexerá pola lexislación xeral aplicable, polas disposicións específicas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo e no Regulamento do seu Claustro e polas normas deste Regulamento.

CAP. II: COMPETENCIAS E GARANTÍAS NO EXERCICIO DO CARGO

Art. 2 Os membros do Tribunal non estarán sometidos a ningún mandato imperativo de ningunha instancia universitaria nin recibirán instrucións de ningunha autoridade ou órgano de goberno. Ningún membro poderá ser expedientado ou sancionado por razón de opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións.

Art. 3 No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da Universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

Art. 4 A condición de membro do TG é incompatible co desempeño de calquera cargo unipersonal de goberno da Universidade.

Art. 5 Todos os órganos de Goberno e todos os membros da Comunidade Universitaria teñen o deber de colaborar co Tribunal no exercicio das súas funcións, que, para tal efecto, terá a consideración de autoridade, non podendo negárselle o acceso a ningún expediente ou documentación relacionada co obxecto da investigación, sen prexuízo do respecto debido aos dereitos e liberdades das persoas. O Tribunal garantirá a máxima discreción posible nas súas actuacións.

Art. 6 O TG poderá delegar no seu presidente o desenvolvemento dos asuntos de trámite que aquel considere oportunos, debendo dar conta ao Tribunal, nas sesións ordinarias, de todos os temas tratados.

CAPÍTULO III: PROCEDEMENTO DAS ACTUACIÓNS DE MEDIACIÓN E CONCILIACIÓN

Art. 7 7.1. Todo pedimento de mediación ao TG realizarase mediante escrito, no que conste con claridade o motivo e alcance da pretensión que se formula, os nomes dos solicitantes ou, de ser o caso, o colectivo universitario en representación do que actúan.

7.2. Dentro do prazo dos sete días seguintes a aquel en que fose recibido un escrito de pedimento de mediación, o Presidente do TG dará traslado do mesmo a todos os sectores implicados recabando contestación escrita na que se manifeste expresamente se se acepta ou non a mediación.

7.3. Se no prazo dos quince días seguintes á data de envío deste escrito non se recibise contestación negativa na oficina do TG, entenderase que a mediación deste foi aceptada.

Art. 8 Cando todas as partes implicadas acepten a súa mediación, o TG poderá iniciar calquera investigación ou actuación conducente á solución dos desacordos e enfrontamentos que se produzan entre os diferentes sectores da comunidade universitaria.

Art. 9 9.1. O presidente do TG comunicará por escrito aos sectores implicados que dispoñen dun máximo de 15 días para que poidan formular por escrito as súas pretensións e presentar os documentos nas que as fundamentan.

9.2. Concluído o prazo precedente, o presidente do TG convocará aos sectores implicados a unha sesión conxunta na que se intentará a conciliación, informando e razoando sobre as alegacións que se formulen e propoñendo fórmulas transaccionais das cuestións controvertidas.

9.3. As conclusións e acordos que resulten da sesión de conciliación recolleranse nunha acta que será asinada polo TG e polos sectores implicados, a cal terá carácter vinculante.

CAPÍTULO IV: PROCEDEMENTO NA TRAMITACION DE QUEIXAS E RECLAMACIÓNS


Art. 10 As actuacións do Tribunal poderán iniciarse de oficio, sobre aquelas materias universitarias que considere oportunas, ou por instancia de parte. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito no prazo máximo de dous meses dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivaron a solicitude de intervención.

Art. 11 As queixas ou reclamacións dirixiranse ao presidente do Tribunal, debéndose presentar no rexistro que para tal efecto se habilitará na sede do Tribunal ou en calquera dos rexistros da Universidade. Nas mesmas se fará constar as xestións realizadas previamente perante a administración universitaria, e se achegará a documentación necesaria para facilitar a tramitación da queixa ou reclamación formulada. En ambas as dúas figurarán os datos persoais e a sinatura do ou dos interesados, números do DNI e domicilio para os efectos de notificacións.

Art. 12 12.1. O TG, nun prazo máximo de 15 días, contestará motivadamente respecto de se procede ou non a admisión a trámite das queixas ou reclamacións recibidas. Rexeitaranse as anónimas, as formuladas sen fundamento suficiente (logo de informe da Asesoría Xurídica), as que estean sometidas a instancias xudiciais e aquelas que estean pendentes dun expediente administrativo sancionador. En todos os casos, darase traslado ás persoas interesadas da motivación que fundamentou a inadmisión. O anterior non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais suscitados por ditas queixas.

12.2. Cando das actuacións practicadas se desprenda que unha queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da comunidade universitaria ou dun órgano colexiado, o Tribunal presentará un informe ao reitor para que tome as medidas axeitadas para o restablecemento da situación perturbada.

12.3. O TG comunicará as recomendacións positivas ou negativas aos órganos académicos correspondentes, solicitándolles que nun prazo de 15 días dende a súa recepción comuniquen a dito Tribunal se aceptan ou non a recomendación.



CAPÍTULO V: NOMEAMENTOS E CESAMENTOS

Art. 13 O Tribunal será convocado polo seu presidente/a, cunha antelación mínima de 72 horas á celebración da sesión, e poderá convocarse con menor antelación cando haxa algunha razón urxente que o xustifique.

Art. 14 O Tribunal constituirase coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, e deberá contar sempre coa presenza do presidente /a e do secretario/a ou, no seu caso, das persoas que os substitúan. As decisións do mencionado órgano serán adoptadas pola maioría dos votos dos asistentes á reunión e o voto cualificado do presidente/a dirimirá os posibles empates.

Art. 15 O Tribunal nomeará un vicepresidente/a e un secretario/a de entre os seus membros.

Art. 16 Os membros do Tribunal serán elixidos por un período de catro anos, agás os representantes do alumnado, que o serán por dous. En ambos casos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

Art. 17 No caso de que cesase algún dos membros do Tribunal antes da expiración do prazo do seu nomeamento, a súa baixa será provista polo Claustro, na maior brevidade, mediante nova elección, na forma establecida nos Estatutos.

CAPÍTULO VI: APOIO INSTITUCIONAL DO EXERCICIO DO CARGO

Art. 18 O TG terá a súa sede nun local diferente do que habitualmente estea o equipo reitoral e no que se establecerá o rexistro para a presentación das queixas e reclamacións. En calquera caso non se localizará en ningún centro ou sede departamental.

Art. 19 A Universidade deberá facilitarlle ao TG o apoio administrativo e material necesario para o adecuado desempeño das súas funcións.

Art. 20 A dotación económica necesaria para o funcionamento do Tribunal será incluída no orzamento da Univ. de Vigo.

Art. 21 A figura do presidente /a do TG equipararase para os efectos económicos, protocolarios e de exención docente, á de vicerreitor/a.


CAPÍTULO VII: DISPOSICIÓNS FINAIS

Art. 22 As decisións e propostas do Tribunal non serán susceptibles de recursos.

Art. 23 A iniciativa para a reforma do presente regulamento requirirá o acordo da maioría dos membros do TG ou a do Consello de Goberno ou a do Claustro. A súa aprobación corresponderalle ao Claustro.

Art. 24 Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Claustro, e quedarán derrogadas todas as normas que se opoñan ao presente regulamento.

- Como resumo do exposto, a seguinte figura mostra de forma gráfica a relación que se pode establecer entre as distintas normativas que regulan o TG.



O Tribunal de Garantías configúrase como un órgano único e singular no sistema universitario español

2. MARCO CONCEPTUAL E FUNCIONAL

A detallada exposición feita no apartado anterior sobre a normativa reguladora do TG permite trazar o perfil deste órgano (unha institución de carácter interno, encargada de defender os dereitos e intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria). Para terminar de definilo e precisalo, cómpre introducir algúns conceptos adicionais e matizar certas cuestións. Só así pódese chegar a comprender en toda a súa esencia o que é o Tribunal e que importancia ten que se recoñeza a súa figura na Universidade de Vigo.

- Participa dos atributos da figura do *ombudsman* clásico e se inspira no modelo do Defensor del Pueblo español. Isto permite establecer algunhas das súas características máis significativas:

- ten plena autonomía e independencia de criterio;
- non se suxeita a ningún mandato imperativo (o que significa que ningunha autoridade académica pode ditalle instrucións);
- é titular das prerrogativas de inviolabilidade e inmunidade (o que implica que ningún dos seus membros poderá ser expedientado ou sancionado polas opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio das competencias propias do cargo durante o seu mandato).

- O TG non é incompatible nin suplanta a ningunha instancia interna e externa á universidade; todo o contrario: complementa e potencia o funcionamento do sistema mediante a súa contribución, específica e caracterizada pola visibilidade e fácil accesibilidade, pola axilidade, rapidez e ausencia de formalismos, pola imparcialidade e neutralidade, pola confidencialidade, fiabilidade, transparencia e respecto, e sen renunciar tampouco á firmeza e determinación.

- Tal e como se indica no artigo 141 dos Estatutos da UVigo, na súa condición de comisionado do Claustro encargado de defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria, o TG pode supervisar a actividade da administración universitaria. Iso non implica que a entorpeza nin que lle poña atrancos, senón que tenta contribuír a melloralala. Investiga como funcionan os órganos e servizos administrativos para detectar retrasos, silencios, arbitrariedades, abusos, irregularidades ou mala fe. Solicita informes (á Asesoría Xurídica ou a outros órganos consultivos ou de xestión) sobre aqueles asuntos que o requiran para a boa marcha da investigación e conta coa preceptiva colaboración dos órganos de goberno e de todos os membros da comunidade universitaria (obrigados a cooperar e a non negarlle o acceso a ningún expediente ou documentación relacionada cos asuntos que investigue), media con habilidade e empatía entre as partes, abre opcións ou recomenda cambios e innovacións.

- Para aclarar definitivamente a natureza e funcións do TG, cómpre definilo en negativo; isto é, hai que sinalar o que non é para así contribuír a corrixir certos malentendidos e percepcións erróneas que se teñen sobre el.

O TG non é:

- ✘ un órgano xurisdiccional, que xulga condutas, dita sentenzas, imparte xustiza e decide cal das partes é inocente ou culpable;
- ✘ unha xestoría que coida ou promove asuntos e intereses diversos;
- ✘ un avogado de oficio para atender todos os casos que se susciten.
- ✘ un órgano executivo nin disciplinario con potestade sancionadora.

- Para cumprir coas competencias que ten encomendadas, o TG incoa expedientes, realiza consultas, concerta entrevistas, tenta mediar entre as partes en conflito.... Todas estas actuacións explícanse polo miúdo nas seguintes páxinas, nas que se dá conta da xestión do ano 2015.

3. EXPEDIENTES TRAMITADOS

A actividade principal do TG é atender as queixas e reclamacións que lle presenta calquera membro da comunidade universitaria. Cando se admiten a trámite (que non é sempre: ás veces o/a interesado/a desiste da súa intención inicial e, noutras ocasións, é o propio Tribunal o que as desestima tras realizar actuacións previas que lle permiten determinar que non concorren as circunstancias requiridas), incóase un expediente para coñecer a fondo o asunto e actuar segundo proceda.

No ano 2015 tramitáronse 50 expedientes. Relaciónanse de forma sucinta no cadro 1, onde se ordenan segundo o seu número de referencia (que responde a un criterio meramente cronolóxico: a data na que a correspondente queixa ou reclamación tivo rexistro de entrada no TG). Convén aclarar que a numeración chega ata 51 porque a documentación dun mesmo expediente presentouse por separado (a través de dúas vías e en dous momentos diferentes), o que fixo que por erro se incoasen dous expedientes distintos (38 e 45). Tras detectarse o equívoco, acordouse anular o expediente 38 e agrupar todos os documentos no nº 45.

A información que se proporciona de cada caso é a imprescindible para coñecer as súas circunstancias xenéricas e sempre respecta os principios de confidencialidade, anonimato e reserva cos que actúa este Tribunal (a tal fin dissociáronse os datos persoais de cada expediente para impedir que se poidan identificar ás persoas que participaron neles).

A disposición da información nos termos indicados ten como obxectivo proporcionar un áxil instrumento de consulta, que permita coñecer os ámbitos nos que tivo que actuar o TG no ano 2015 e, ao tempo, tamén faga posible considerar casos específicos que poidan interesar a nivel particular, en función das circunstancias e intereses de cadaquén.

Pero esa ferramenta non abonda por si soa para analizar polo miúdo a principal tarefa do TG. De aí que a complementemos con:

- a) unha visión algo máis xenérica, que resulta de agrupar os expedientes por bloques temáticos, e na que se comentan os seus aspectos máis relevantes;
- b) algúns datos estatísticos, expostos a través de gráficos, sobre certos parámetros de interese dos expedientes (sector ou colectivo da comunidade universitaria no que se inclúen os reclamantes e campus ao que pertencen).

Cadro 1. Expedientes tramitados polo TG en 2015

Nº	COLECTIVO	ASUNTO	INICIO	PECHE
01/15	alumnado	Problemas derivados da extinción dunha titulación: réclámase que dúas materias aprobadas nela se inclúan no grao ao que tivo que adaptarse	12/01/2015	05/05/2015
02/15	PDI	Denúnciáanse presuntas inxurias e ataques á imaxe persoal dende unha conta de correo corporativa da UVigo	22/12/2014	13/05/2015
03/15	PAS	Denúnciase que a UVigo non adxudica todas as prazas do Programa Erasmus 2014/15 para PAS, malia haber candidatos	02/02/2015	05/05/2015
04/15	PAS	Denúnciáanse inxurias e difamacións entre PAS a través de correo-e	02/02/2015	13/03/2015
05/15	PAS	Reclamación sobre o Programa Erasmus 2014/15 para PAS (erros formais e matemáticos na proposta de adxudicación provisional e non cobertura de prazas vacantes)	16/02/2015	26/03/2015
06/15	PAS	Queixa por devolución de axuda de custo por falla de xustificación	16/02/2015	27/02/2015
07/15	alumnado	Reclamación para que se valide unha titulación de FP de 2º grao por materias dun grao universitario	23/02/2015	25/03/2015
08/15	alumnado	Desconformidade co Regulamento dos TFG por ter contradicións e provocar inseguridade xurídica	04/03/2015	05/05/2015
09/15	PDI	Reclamación da desgravación de horas por titorizar TFM	11/03/2015	27/05/2015
10/15	alumnado	Resolución fóra de prazo de avaliación curricular	17/03/2015	14/04/2015
11/15	PAS	Denúnciase ter recibido correos-e presuntamente inxuriosos e difamatorios a través da lista de correo "Comunidade"	26/03/2015	20/04/2015
12/15	alumnado	Denúnciáanse cambios de horarios (tras rematar o período de matrícula) en 2 materias, que provocan solapamento e incompatibilidade	06/04/2015	08/05/2015
13/15	PAS	Reclamación para que o II Convenio colectivo da UVigo se adapte ás novas normas sobre conciliación familiar e as aplique nas adscricións provisionais de postos con cambio de quenda	27/03/2015	20/04/2015
14/15	alumnado	Denúnciáanse cambios de horarios (tras rematar o período de matrícula) en 2 materias, que provocan solapamento e incompatibilidade	08/04/2015	08/05/2015
15/15	alumnado	Denúnciáanse cambios de horarios (tras rematar o período de matrícula) en 2 materias, que provocan solapamento e incompatibilidade	09/04/2015	08/05/2015
16/15	alumnado	Denúnciáanse cambios de horarios (tras rematar o período de matrícula) en 2 materias, que provocan solapamento e incompatibilidade	14/04/2015	08/05/2015
17/15	alumnado	Problemas pola extinción dun programa de doutoramento regulado polo RD 778/1998, que establece prazo para presentar a tese	21/04/2015	22/05/2015
18/15	alumnado	Reclamación por non autorizarse a anulación da matrícula do 2º cuatrimestre, solicitada por cuestións graves de saúde	27/04/2015	30/06/2015
19/15	alumnado	Reclamación pola expedición de documentos oficiais na UVigo con contradicións na data de xubilación da persoa interesada	14/05/2015	04/06/2015
20/15	alumnado	Reclamación polos erros administrativos cometidos ao recoñecer créditos na aplicación de xestión académica da UVigo	26/05/2015	26/06/2015
21/15	outros	Denuncia de presuntas irregularidades no proceso de selección de seis xestores de innovación (convocatoria decembro 2014)	29/05/2015	15/07/2015
22/15	alumnado	Solicitude revisión cualificación materia de mestrado	19/06/2015	02/09/2015
23/15	alumnado	Problemas coa docencia e cualificación dunha materia nunha titulación en proceso de extinción	24/07/2015	03/09/2015
24/15	alumnado	Solicitude revisión cualificación materia	29/07/2015	01/10/2015
25/15	PDI	Denúnciase descoordinación e veto institucional na concorrncia a convocatoria externa de grupos de investigación	29/07/2015	06/02/2016
26/15	PDI	Exclusión como docente do Programa de Maiores	23/07/2015	03/09/2015
27/15	alumnado	Problemas con materias extinguidas de titulación en proceso extinción	01/09/2015	15/09/2015
28/15	alumnado	Revisión cualificación de materia e denuncia presunto abuso de autoridade do docente	01/09/2015	12/11/2015
29/15	alumnado	Discrepancias no nº de convocatorias consumidas nunha materia, criterio básico para solicitar a súa avaliación por compensación	01/09/2015	17/11/2015

Nº	COLECTIVO	ASUNTO	INICIO	PECHE
30/15	alumnado	Solicitude revisión cualificación materia	01/09/2015	07/10/2015
31/15	alumnado	Solicitude revisión cualificación materia	01/09/2015	07/10/2015
32/15	alumnado	Problemas coa cualificación do TFG	01/09/2015	09/10/2015
33/15	alumnado	Solicitude revisión cualificación TFG	01/09/2015	25/11/2015
34/15	alumnado	Solicitude revisión cualificación TFG	01/09/2015	25/11/2015
35/15	alumnado	Solicitude revisión cualificación TFG	01/09/2015	25/11/2015
36/15	alumnado	Problemas para matricular TFG de titulación xa extinguida	29/09/2015	22/12/2015
37/15	alumnado	Reclamación pola desestimación da solicitude de cambio de grupo de estudos	25/09/2015	22/12/2015
38/15		Pasa a ser o expediente 45/15		
39/15	alumnado	Reclamación porque o departamento non admite a trámite a tese de doutoramento	08/10/2015	22/12/2015
40/15	alumnado	Reclamación porque o departamento non admite a trámite a tese de doutoramento	08/10/2015	22/12/2015
41/15	PDI	Desconformidade coa revisión da cualificación dun alumno realizada por un Tribunal avaliador do departamento	14/09/2015	26/10/2015
42/15	alumnado	Inadmisión a trámite de solicitude de avaliación por compensación	13/10/2015	19/01/2016
43/15	alumnado	Problemas con tese de doutoramento: por cuestións médicas non a presentou no prazo establecido dentro proceso extinción programa	15/10/2015	27/10/2015
44/15	alumnado	Reclamación polo silencio administrativo da Reitoría diante unha queixa anterior	19/10/2015	03/02/2016
45/15	alumnado	Solicitude revisión cualificación materia	06/10/2015	09/12/2015
46/15	alumnado	Solicitude revisión cualificación materia	28/10/2015	27/01/2016
47/15	alumnado	Falla informe favorable de director de tese de doutoramento	20/11/2015	22/12/2015
48/15	alumnado	Reclamación por carencia de coordinador de TFG	20/11/2015	04/12/2015
49/15	alumnado	Reclamación pola desestimación da solicitude de cambio de quenda de estudos por motivos laborais	17/12/2015	01/03/2016
50/15	PDI	Solicitude amparo por publicación de noticia no xornal <i>El Mundo</i> e investigación por presuntas coaccións	18/12/2015	21/01/2016
51/15	alumnado	Reclamación para cambios na aplicación de normativas do EESS	10/12/2015	01/07/2016



Expedientes de temática académica

Dende un punto de vista cuantitativo, constitúen o grupo máis importante (acadan a cifra de 35). Na súa maior parte son resultado das reclamacións e queixas que presenta o colectivo estudantil e, dentro da homoxeneidade que permite agrupalos conxuntamente, pódense considerar subgrupos.

- **REVISIÓN DE CUALIFICACIÓN DE MATERIAS (10)**. O artigo 18 de Regulamento de estudantes establece o procedemento para impugnar as cualificacións dunha materia. O TG é a última instancia á que se pode recorrer, pero só tras esgotar todas as actuacións previas (corrección co profesorado que imparte a materia, revisión a través do centro e recurso de alzada perante o reitor). No ano 2015 tramitáronse por esta vía 10 expedientes (tres deles impugnaban a cualificación do traballo fin de grao -TFG), que tiveron unha xestión moi diversa: seis casos remitíronse a un tribunal externo (constituído por tres profesores doutra universidade) para que

se revisase a materia, con resultados dispares en canto á súa cualificación (en dous casos mantívose e en catro mellorouse). Nos catro expedientes restantes o TG non solicitou unha nova corrección, xa fose porque non procedía (2 casos), porque conseguiu mediar para que as partes chegasen a un entendemento (tras entrevistarse o Presidente do TG co estudante e o director do departamento implicado) ou porque houbo irregularidades no procedemento de revisión (falta de *quórum* da Comisión) que fixo que se decretase nula de pleno dereito a súa decisión.

Estes procesos de revisión das cualificacións adoitan xerar malestar entre os responsables de realizar a primeira avaliación, que ás veces transmiten ese sentimento ás autoridades universitarias (Secretaría Xeral nos casos antes citados dos TFG) ou ao propio Tribunal de Garantías (incoouse o expediente 41/15 trala queixa dun profesor que discrepaba da revisión que unha comisión do centro realizara dunha cualificación súa).

- **POSGRAO: TESES DOUTORAMENTO (5).** Os expedientes tramitados neste ámbito articuláronse en torno a dúas cuestións: por unha banda, os problemas derivados da extinción de certos programas de doutoramento e do calendario e prazos asociados para matricular e presentar as teses e, pola outra, as reclamacións de doutorandos/as que non podían presentar o seu traballo porque non llelo admitía a trámite o departamento ou porque tiñan un informe negativo do profesorado que llo dirixira.

- **TITULACIÓNS EN PROCESO DE EXTINCIÓN (4).** Constitúen outra importante fonte de conflitos, ao que en gran medida contribúen os límites e prazos que a correspondente normativa reguladora establece. A casuística neste ámbito foi variada xa que se rexistraron reclamacións sobre materias (incluíndo entre elas algunha relativa ao TFG) e sobre cualificacións que se desexan conservar na nova titulación á que o alumnado se adapta.

- **AVALIACIÓN CURRICULAR (3).** Ao TG chegaron varias queixas relacionadas con distintos aspectos deste procedemento.

- **PROBLEMAS POLO CAMBIO DE HORARIO DE MATERIAS (4).** Tramitáronse catro expedientes pola mesma circunstancia: o cambio de horario (acordado tralo período de matrícula) na programación dunhas materias, que provocaba que se solapasen e non fose posible cursalas simultaneamente. O problema debeuse a un erro administrativo e solucionouse permitíndolles a todos os prexudicados modificar a súa matrícula fóra do período establecido ao efecto.

- **RECLAMACIÓNS SOBRE NORMATIVAS (3).** Algunhas queixas remitían aos problemas que se derivaban da aplicación de certas normativas (o Regulamento dos TFG, que finalmente se modificou, ou algunhas asociadas á implantación do Espazo Europeo de Educación Superior). O terceiro caso foi o dun expediente no que se reclamaba que se validase unha titulación de Formación Profesional de 2º grao por materias dun grao universitario. Pódese incluír tamén neste apartado porque os asuntos que se substancian de fondo son os estudos susceptibles de recoñecemento (regulados no RD 1618/2011) e o recoñecemento automático de créditos (regulado nun convenio de colaboración suscrito entre a Consellaría de Educación e as universidades do SUG).

● **QUENDA DE ESTUDOS (2)**. Houbo dúas reclamacións por cuestións relativas ás quendas de estudo asignadas e que o alumnado reclamante solicitou cambiar sen éxito.

● **ASUNTOS VARIADOS (4)**. Considérase un último subgrupo (que non por iso resulta menos relevante) con varios expedientes que tratan cuestións diversas e non poden vencellarse a ningunha das indicadas.

- A queixa dun estudante ao que non se lle anulou a matrícula, malia solicitalo acreditando graves problemas de saúde, e que propiciou unha Recomendación do TG;
- a queixa colectiva do alumnado dun centro que se sentía desprotexido nos seus dereitos académicos ao non ter asignado ningún coordinador de TFG;
- os erros na xestión administrativa dun expediente académico, que provocaron moito malestar á persoa prexudicada;
- os problemas derivados da discrepancia na cualificación dun TFG.



Expedientes sobre acoso

Neste bloque agrúpanse catro expedientes sumamente complexos (n^{os} 2, 4, 11 e 50), nos que estiveron implicados integrantes dos colectivos de persoal docente e investigador e de administración e servizos da UVigo. Hai que interpretar de xeito moi xenérico e amplo a etiqueta referenciadora (“acoso”), entendendo que comprende aspectos como inxurias, dano á imaxe, difamacións, coaccións...



Expedientes de temática laboral

Considérase un terceiro bloque con todos aqueles expedientes que se incoaron a partir de reclamacións e queixas relacionadas con cuestións laborais e/ou de recursos humanos. Os seus interesados son basicamente PAS ou PDI, aínda que tamén se rexistrou un caso de persoal alleo á Universidade.

É posible establecer certa afinidade temática entre algúns deses expedientes e, en consecuencia, considerar os seguintes subgrupos:

● **CONVOCATORIAS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA (4)**: agrúpanse aquí os expedientes que se incoaron tras recibir queixas relativas a tres procesos de concorrencia competitiva. Dous deles eran internos (convocados pola propia Universidade):

- Programa Erasmus-PAS 2014/15: presentáronse dúas reclamacións (que propiciaron os exps. 3 e 5) sobre esta convocatoria, que basicamente cuestionaban que non se adxudicasen todas as prazas ofertadas, malia haber candidatos para elas.

- Convocatoria de seis prazas de xestores de innovación (exp. 21). Este é o caso citado anteriormente de persoal alleo á Universidade, que concorreu a esta convocatoria e mostrou a súa desconformidade co desenvolvemento do proceso mediante a queixa que fixo chegar ao Tribunal de Garantías.

O terceiro proceso era externo e a el concorreu persoal docente e investigador da Universidade (exp. 25).


● **RÉXIME INTERNO DO PDI (3)**: algúns integrantes do persoal docente e investigador da UVigo achegáronlle ao TG queixas sobre cuestións que se poden considerar de carácter interno, ao versar sobre aspectos normativos (desgravación de horas pola titorización de traballos fin de máster, substanciado no exp. 9; procedemento interno de revisión de cualificación nos centros – exp. 41) ou de organización (exclusión do colectivo docente que imparte clases no Programa de Maiores da UVigo -exp. 26).

● **ASUNTOS PAS (2)**: devolución dunha axuda de custo por falla de xustificación (exp. 6) e aplicación de criterios para adscribir provisionalmente postos de PAS laboral con cambio de quenda (13). Neste último caso reclamábase que se aplicasen no convenio colectivo vixente nese momento as medidas de conciliación da vida familiar.


● **FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS DA UNIVERSIDADE (2)**: a instancias dunha mesma persoa, tramitáronse dous expedientes que parecían pór de manifesto certos erros e disfuncións no funcionamento dos servizos administrativos da Universidade. Nun deles (exp. 19), revisáronse as discrepancias de dous documentos oficiais expedidos pola UVigo sobre a data de xubilación do interesado e que se deberan a un erro material; no outro (exp. 44), examinouse o presunto silencio administrativo trala solicitude do interesado para que se aplicasen as medidas sobre discapacidade que establecía a lexislación vixente.

**ESTADÍSTICAS
POR SECTORES**

Porcentaxes




Número expedientes




ESTADÍSTICAS POR CAMPUS

Porcentaxes



Número expedientes



4. OUTRAS ACTUACIÓNS

Á marxe de tramitar expedientes, o TG desenvolveu outras actuacións ao longo do ano 2015 que se relacionan coas funcións de conciliación, información, consulta e proposta que lle son inherentes. Entre elas, cómpre destacar:

- **Consultas:** tiveron unha dobre dirección. Por unha banda, co defensor como suxeito activo, ao promovelas nos procesos de tramitación e resolución dos expedientes para coñecer o parecer dos distintos actores implicados ou que dalgún xeito se relacionaban con eles. A maioría destas consultas foron telefónicas, pero houbo algunhas que tiveron carácter presencial porque a parte consultada así o solicitaba.

Un segundo tipo de consultas foron aquelas nas que o defensor actuou como suxeito receptor, ao que se recorreu para aclarar cuestións e resolver dúbidas. A maior parte delas proviñan do alumnado e tiveron carácter académico; a extinción das titulacións e o procedemento de avaliación curricular foron, pola súa propia complexidade, os temas que máis demanda de información suscitaron. Atendéronse por teléfono ou presencialmente, en función do requirimento e das preferencias do solicitante. Nalgúns casos concretáronse posteriormente na presentación dunha reclamación ou queixa e na subseguinte apertura de expediente

- **Entrevistas:** o defensor mantivo un número significativo de reunións e encontros, na maioría dos casos co alumnado, pero tamén co profesorado, PAS, persoal directivo, membros do equipo de goberno, directores de centro, decanos, representantes sindicais, etc. En determinadas ocasións, e sempre que as circunstancias o aconsellaron, outros membros do TG participaron nas entrevistas. Algunhas delas tiveron como finalidade principal informar sobre o contido, procedemento e alternativas relacionadas cos asuntos obxecto da reclamación, queixa ou consulta presentadas; outras entrevistas estiveron orientadas a buscar e activar un procedemento que permitira mediar e xestionar algún conflito que xurdira; outros encontros, en cambio, só pretendían mellorar a comunicación cos distintos actores que integran o sistema institucional universitario, a fin de acadar unha mellor cooperación, coordinación e información entre as partes.

- **Mediación e conciliación:** son actuacións que se realizan trala petición expresa dun membro ou colectivo da comunidade universitaria. A experiencia dos últimos anos mostra que se prefire unha mediación de carácter informal, afastada do protocolo e procedemento formalista que se regula no capítulo III do Regulamento do TG.

● **Recomendacións e propostas** para tentar mellorar o noso sistema universitario. Algunhas das reclamacións e queixas que motivaron a apertura dun expediente levaron asociada outra actuación que resulta moi característica das defensorías universitarias: trátase das recomendacións, unhas propostas ou suxestións coas que se pretende contribuír a corrixir os problemas, erros e disfuncións que se detectan no funcionamento ordinario da universidade e que afectan aos dereitos dos seus integrantes.

O TG fixo en 2015 catro recomendacións, que partiron de reclamacións de todos os colectivos universitarios: PDI, PAS (en ambos os dous casos desconformes con certos aspectos da normativa reguladora que se lles aplica e que, a xuízo do TG, podería mellorarse para evitar lesionar os seus dereitos e intereses) e alumnado (con sendas queixas sobre disfuncións administrativas que lles causaban indefensión e que finalmente puideron solucionarse; nos dous casos o TG considerou conveniente realizar unha recomendación aos servizos e órganos implicados para corrixir as disfuncións detectadas e evitar que nun futuro se repitan). No seguinte cadro relaciónanse de forma sucinta os principais datos das ditas recomendacións:

Cadro 2. Recomendacións do TG no ano 2015

RECOM.	EXPEDIENTE CAUSANTE	ÓRGANO/SERVIZO DESTINATARIO	CONTIDO
1/2015	09/15	VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO	Propónse reconsiderar o articulado da <i>Normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD das actividades do PDI para o curso 2015/16</i> no que respecta ao nº de horas que se desgravan pola titorización de TFM (modificouse este punto e aplicouse con carácter retroactivo)
2/2015	13/15	XERENCIA	Ínstase a que as medidas para conciliar a vida familiar e laboral se apliquen no II Convenio colectivo do PAS laboral da UVigo (en vigor) e se inclúan no III Convenio (en proceso de negociación)
3/2015	12/15, 14/15, 15/15 e 16/15	DECANATO FACULTADE CIENCIAS	Recoméndase unha maior e mellor difusión da información naqueles casos nos que se produzan erros administrativos que poidan crear indefensión aos administrados/as
4/2015	18/15	DECANATO FAC. CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	Recoméndase actuar con flexibilidade e non aplicar de forma estrita os prazos legais establecidos nos procedementos administrativos cando concorren causas de forza maior como problemas de saúde debidamente acreditados

● **Outras actividades:** relacionadas directamente con aspectos loxísticos e operativos (mellora da páxina web, distribución periódica de trípticos nos centros da UVigo), tiñan como obxectivo proporcionar un maior coñecemento e visibilidade do Tribunal.

5. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ACTIVIDADE EXTERIOR

Nos últimos anos o TG está a prestar especial atención ás relacións institucionais e á actividade exterior xa que un dos seus obxectivos prioritarios é contribuír a reforzar a cooperación das defensorías en todos os seus ámbitos (autonómico, estatal, europeo, iberoamericano e global). Na busca desas sinerxias incorporouse a distintas organizacións nacionais e internacionais nas que mantén unha activa presenza. Entre elas cómpre destacar:

■ **Conferencia estatal de defensores universitarios de España (CEDU)** O TG é membro fundador desta organización, creada o 26 de outubro de 2007 e que na actualidade agrupa a máis de 70 defensorías universitarias. A CEDU constitúese como o principal axente dinamizador a nivel estatal deste colectivo ao promover diversas iniciativas, algunhas xa plenamente consolidadas e cunha periodicidade fixa, e outras de carácter conxuntural, asociadas a acontecementos puntuais e/ou ligados á actualidade. Nesa liña, no 2015 organizou as seguintes actividades (en todas elas participou o presidente do TG):

- *Xornada técnica de estudo sobre os cambios normativos previstos polo Ministerio de Educación* (Universidad Politécnica de Madrid, 17 de abril), na que se presentaron e debateron os seguintes relatorios: *Graos 3+2*, *Novos sistema de acreditación do PDI* e *Creación, recoñecemento e acreditación de universidades*.

- *XVIII Encontro estatal de defensores universitarios* (Universidad Europea de Madrid, 4, 5 e 6 de novembro). Todos os anos a CEDU convoca unha reunión para estudar e debater cuestións substantivas relacionadas coa dinámica universitaria e que inciden no ámbito de actuación das defensorías. Os

temas tratados nesta ocasión foron os expostos nos relatorios *A problemática dos traballos fin de grao e fin de mestrado*, *O dereito de*

petición, responsabilidade e axilidade na tramitación dos asuntos na administración universitaria e *A responsabilidade disciplinaria e seguridade xurídica*.



● *Reunión bilateral REDDU-CEDU* (Universidad Politécnica de Madrid, 2 e 3 de xuño): encontro entre senllas representacións dos defensores universitarios españois e mexicanos para valorar a posible creación da Red Iberoamericana de Defensores Universitarios (RIDU). Nesta reunión o presidente do TG foi elixido membro da Comisión coordinadora e de seguimento do dito proceso.

■ **Red de organismos defensores de los derechos universitarios (REDDU)**

Esta organización é a máis activa na área latinoamericana, polo que constitúe un valioso enlace para comunicarse cos defensores de toda a rexión. Creouse no 2005 a partir da integración de universidades mexicanas (asociados regulares), aínda que tamén admite defensores doutros países europeos, americanos e latinoamericanos, que se integran como asociados honorarios (o TG ten tal condición), asociados asimilados e observadores.

■ **European Network of Ombudsmen in Higher Education (ENOHE)**

Creouse en 2003 por iniciativa de Kristl Holtrop, *ombudsman* da Universidade de Ámsterdam, e está aberta a todos os defensores universitarios de Europa e doutras partes do mundo. O seu obxectivo principal é compartir coñecementos e experiencias e fortalecer a institución para mellorar a gobernanza dos sistemas universitarios. O TG participa regularmente nos encontros anuais que se convocan dende hai unha década para debater temas relacionados coa axenda das defensorías universitarias e coa aplicación do Espazo Europeo de Educación Superior.

■ **Rede de Defensores Universitarios de Galicia (REDUGA)**

Creouse en 2013 para potenciar as relacións entre as tres defensorías universitarias galegas. Os seus titulares tiveron frecuentes encontros durante o 2015 para tratar os asuntos que afectaban ao conxunto do Sistema Universitario de Galicia e tamén reuníronse en varias ocasións co/a Valedor/a do Pobo. A REDUGA mantén unha comunicación fluída e un permanente contacto con este órgano, sobre todo tralo [convenio de colaboración](#) asinado en maio de 2014.

Este documento constitúe un eficaz instrumento de cooperación e colaboración interadministrativa xa que regula o intercambio de información entre as partes (o Valedor do Pobo comunicará a cada universidade as queixas ou reclamacións que reciba sobre ela) e potencia a interutilización de medios, servizos e recursos para exercer as respectivas competencias (cando as universidades reciban algunha queixa ou reclamación que exceda as súas funcións ou os medios dispoñibles para solucionarlas, poderá solicitar o asesoramento do Valedor ou instar ao interesado/a para que se dirixa directamente a este órgano).

■ Por último, cómpre destacar o desprazamento que o presidente do TG realizou o 30 de xullo a Oporto para reunirse co seu homólogo da Universidade de Porto (alí chamado *provedor do estudante*). O encontro enmárcase nos contactos mantidos cos defensores do norte de Portugal para crear unha **Rede de Defensores-Provedores Universitarios da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal**, un **proxecto** que a día de hoxe aínda non callou.

6. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

O TG dispón dunha dotación orzamentaria específica para xestionar os seus créditos de gasto. No exercicio 2015 tivo un orzamento de 24.000 €, distribuídos segundo se indica no cadro 3. Incorpórase unha columna á dereita para especificar a contía dos gastos realizados en cada unha das clasificacións económicas dotadas.

Cadro 3. Execución orzamentaria do TG no ano 2015

Orgánica: 00TG Tribunal de Garantías - Funcional: 421S							
Artigo	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Artigo	Gastos
CAP. II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS							
22			Material subministración e outros		16.000 €		2.760,65 €
	226		Gastos diversos		16.000 €		2.760,65 €
		226.01	Atencións protocolarias		4.000 €		716,91 €
		226.02	Publicidade e propaganda		3.000 €		0,00 €
		226.09	Cotas de organismos		1.200 €		873,74 €
		226.99	Outros gastos		7.800 €		1.170 €
23			Indemnización por razón de servizos		8.000 €		974,17 €
	230		Axudas de custo e locomoción		8.000 €		974,17 €
Total capítulo II						24.000 €	3.734,82 €
TOTAL CRÉDITOS						24.000 €	3.734,82 €

REMANENTE	20.266 €
------------------	-----------------

Segundo a liña de austeridade dos últimos anos, o TG limitou ao máximo os gastos. Cómpre destacar que o apartado de maior contía (subconcepto económico 226.99, agrupado baixo a xenérica denominación *Outros gastos*) se corresponde cos gastos xerados pola revisión da cualificación de materias mediante tribunais externos doutras universidades. Esta circunstancia concorda plenamente cos datos indicados no apartado 3, que puñan de manifesto que o maior volume de traballo do TG o ocupa a tramitación dos expedientes abertos tralas reclamacións do alumnado desconforme coas súas cualificacións.

7. REFLEXIÓNS

Despois de expoñer as actuacións que o TG realizou en 2015, convén reflexionar brevemente sobre algúns aspectos relacionados cos feitos e cifras presentados.

- Constatamos, en primeiro lugar, o leve descenso no número de expedientes tramitados: un total de 50, cinco menos en relación ao ano anterior. Este feito vén confirmar a tendencia á baixa no número de reclamacións presentadas, que se iniciou no ano 2014. No seguinte gráfico móstranse as cifras acadadas durante a presidencia do actual defensor universitario e que corresponden tanto ao seu primeiro mandato (2011-2015), como ao comezo do segundo.



Apréciase a tendencia comentada: tras un período álxido, que coincidiu co momento máis complicado da grave crise económica que se viviu en todo o mundo (anos 2012 e 2013) e que, como é lóxico, repercutiu nunha maior conflictividade en todos os ámbitos, en 2014 iniciouse a fase inversa. En 2015 confirmouse e haberá que agardar aos datos do ano 2016 para ver se é unha tendencia que se consolida ou hai algún cambio.

- No que atinxe á distribución por sectores, a maioría dos expedientes e asuntos tratados refírense ao alumnado (37, o que supón unha porcentaxe do 74%), seguido a bastante distancia polos relativos aos outros dous colectivos da comunidade universitaria (persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador); en ambos os dous casos as súas reclamacións deron lugar a 6 expedientes (o 12% do total, en cada caso).

Como novidade deste ano (e convén destacala porque non é habitual que se produza), tramitouse un expediente a partir da queixa que presentou unha persoa allea á universidade. A súa participación nun proceso de concorrencia competitiva convocado pola UVigo motivou que recorrese ao TG por discrepar de varios aspectos do procedemento de selección.

A propósito deste feito, resulta congratulatorio constatar que se coñeza ao TG fóra do ámbito estritamente universitario e se recorra a el para reivindicar uns dereitos lexítimos que se consideran lesionados. Esta circunstancia choca co descoñecemento que ás veces se ten do noso órgano dentro da propia universidade, malia os intentos que facemos por “visibilizarnos” e darnos a coñecer mediante múltiples iniciativas (nalgúns casos de carácter periódico e permanente, como o envío de trípticos e información institucional aos centros).

Volvendo ao PAS e PDI, o máis sobresaínte é a baixa porcentaxe de reclamacións e queixas que estes colectivos presentan perante ao TG. Con todo, non é un dato inesperado nin sorprendente, xa que resulta similar ao rexistrado en anos anteriores e non só nesta universidade: no resto de defensorías as cifras son semellantes.

- Na distribución por campus tampouco hai moitas novidades: apréciase un claro predominio dos expedientes tratados no campus de Vigo (30, cunha porcentaxe do 60,80% sobre o total), seguido do campus de Ourense (15, o que supón un 29,40%), e xa a bastante distancia, Pontevedra (5 expedientes, que constitúen un 9,80%).
- Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no sector do alumnado están relacionados coa reclamación e revisión de cualificacións, tanto de materias de grao (6) como de TFG (3), así como coa avaliación por compensación, unha problemática que pode considerarse endémica e reiterativa.

No que respecta ao PDI e PAS, foi reducido o número de expedientes que se incoaron en 2015 a partir das súas reclamacións, pero houbo unha temática recorrente e que, pola gravidade que implica, require dun especial seguimento. Trátase de comportamentos relacionados con situacións de coaccións, insultos e acoso (nalgúns casos incluso realizados a través das listas de correo da nosa Universidade) e nos que estiveron implicados membros dos colectivos antes citados. Independentemente dos escritos de queixa presentados que propiciaron que se abrisen os correspondentes expedientes, o defensor mantivo entrevistas nas que distintas persoas da comunidade universitaria lle manifestaron a súa preocupación por esas desagradables situacións. Haberá que ver como evoluciona a cuestión para comprobar se esta acumulación de casos foi puntual ou agocha outro tipo de implicacións.

8. ANEXO

● Composición do Tribunal de Garantías


Como se sinalou ao longo do Informe, o TG é un órgano único no ámbito das defensorías universitarias españolas. Esa singularidade fundaméntase no seu carácter colexiado (o habitual é que os garantes dos dereitos e liberdades sexan órganos unipersoais, aínda que nalgúns casos están auxiliados nas súas tarefas por un adxunto/a). O artigo 143 dos Estatutos da UVigo concreta a composición do TG (9 integrantes en representación de todos os sectores da comunidade universitaria). As prazas non sempre están cubertas; ás veces, hai vacantes (ben por falla de candidaturas, ben porque se exige unha maioría de votos do Claustro que non sempre é doada de acadar), unha circunstancia que non lle resta lexitimidade nin operatividade ao órgano. Na seguinte figura móstrase de xeito gráfico a composición do TG en 2015, con dous aspectos destacados: a ausencia de representantes do PDI e as modificacións dos integrantes do alumnado, o sector máis dinámico e susceptible de experimentar cambios.





TRIBUNAL DE GARANTÍAS

Anexo ao Edificio de Xerencia, 2ª planta
Campus Universitario
36310 Vigo

 986 813 829 / 986 813 830

tgarant@uvigo.es

www.uvigo.gal